

Algunhas cousas que temos que ter na aula:

- Mandilón de tea, con velcro coa abertura por diante e gomas nos puños.
- Bolsa de tea con muda completa.
- Cueiros e toallíñas (se o usan).

Todo marcado co seu nome.

Servizos complementarios

- **Comedor**, pensado para tódolos nenos da escola agás os menores de 12 meses que traerán a súa comida da casa, así como os nenos que teñan algunha alerxia alimenticia. Os menús son variados, sans e equilibrados, revisados por unha nutricionista.

As linguas na escola

- O galego, así como o castelán, estarán presentes no día a día da escola.
- Iniciación ó Inglés en tódalas aulas.

Horario de oficina

O horario da administración e dirección é tódolos días, de luns a venres, de 10:30 h. a 13.30h. e, de luns a xoves, de 15:00 a 16:00h.


Tarifas

Escolaridade: 116 €/mes (11 mensualidades). Esta tarifa abrangue o horario de 10 a 16 h. (excepto en xullo que abrangue o horario de 9 a 15 h.). Esta tarifa pode reducirse a 79 €/mes ou a 49 €/mes, dependendo dos ingresos da familia.

Hora complementaria: 14 €/mes cada hora. As horas complementarias son de 8 a 9, de 9 a 10 h.

Comedor: 70 €/mes. Esta tarifa comezase a cobrar a partir de que os nenos cumpran os 12 meses. Ata esa idade a papilla a traerán os pais.

Segunda toma de biberón ou papilla: 12 €/mes.



Avda. de Oleiros s/n.

15008 A Coruña.

Tel. 981 237717

www.eiarela.com



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



O noso estilo educativo

Pretendemos desenvolver:

- Unha educación que emane do coñecemento da infancia en xeral, e de cada neno/a en particular, convencidos de que a infancia constitúese como unha etapa da vida con características propias e plena de significado.

- Unha educación integral que propicie en nenos e nenas experiencias que estimulen o seu desenvolvemento completo, onde se potencian as actividades, os valores e as normas da convivencia en democracia.

- Unha educación dirixida á conquista da propia autonomía, e que potencie o desenvolvemento dunha actitude crítica, activa e participativa.

- Unha educación que respecte os ritmos particulares de crecemento, de maduración cognitiva e de aprendizaxe de cada neno/a; permitindo así, a integración de nenos e nenas con necesidades educativas especiais.

- Unha educación que implique activamente á familia e a tódolos membros da comunidade educativa no proxecto formativo dos alumnos e alumnas da nosa escola.

Equipo educativo


Formado por profesionais do ensino e unha psicopedagoga, que lles proporcionarán *calidade educativa* nun ambiente *lúdico, afectivo e seguro*.

Arela atende a nenos e nenas de 0 a 3 anos, divididos en:

- 2 aula de nenos e nenas de 3 meses a 1 ano.
- 3 aulas de nenos e nenas de 1 a 2 anos.
- 3 aulas de nenos e nenas de 2 anos.

Contando ademais con:

- Dormitorio.
- Cociña.
- Horta.
- Patio de psicomotricidade e xogos.
- Xardín
- Biblioteca



Horario da escola

A escola está aberta de luns a venres de **8:00 a 16:00 h.**

O horario da escola no período de adaptación será:

- 1ª semana de setembro: 1 hora.
- 2ª semana de setembro: de 10 a 13 h.
- A partir da terceira semana o horario será de 8:00 a 16:00 h.

O horario da escola durante o mes de xullo será de **8:00 a 15:00.**

A escola permanecerá pechada no mes de Agosto.

A xornada na escola.

De 8 a 10. Madrugadores: O horario de 8 a 9 e de 9 a 10 é opcional. As agrupacións de nenos nestes horarios serán en función da demanda e da idade dos nenos.

De 10 a 13. Xornada obrigatoria: Tódolos nenos matriculados no centro deberán, salvo causa xustificada, asistir neste horario. Durante a xornada obrigatoria cada neno estará na súa aula, co seu grupo e coa súa titora.

De 13 a 14. Comedor: A escola conta con cociña onde se elaboran menús equilibrados para os nenos e nenas.

Neste horario existe a posibilidade de que o neno non coma na escola e sexa recollido durante este tempo (nunca máis tarde das 14:00 h.).

Nas aulas de bebes o horario de comidas farase respectando o ritmo que cada neno trae da casa.

De 14 a 16. Sesta. Neste horario, opcional, é no que os nenos descansan no dormitorio. É un horario continuo e, mentres durman sesta, non poderá partirse. Para os nenos que non durman realizaranse distintas actividades.

Por cuestións de espazo non se poden deixar na escola os carriños dos nenos.